

**ACTA DE APERTURA DO SOBRE C DENOMINADO PROPOSICIÓN ECONÓMICA, CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA DO PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONÓMICA MÁIS VANTAXOSA VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA DO SERVIZO DE MONITORAXE NA REDE DE COMEDORES ESCOLARES DO CONCELLO DE AMES.**

Na Casa Consistorial de Ames sendo as dez horas e trinta minutos do día 21 de xullo de 2017, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do **SERVIZO DE MONITORAXE NA REDE DE COMEDORES ESCOLARES DO CONCELLO DE AMES**

**ASISTENTES:**

**Presidenta:**

**Genma Otero Uhía**, Concelleira delegada de Economía e Facenda.

**Vogais:**

**Rosa Ana Prada Queipo**, Secretaria municipal.

**M. del Carmen Castro Doldan**, Interventora accidental municipal.

**José Rogelio Pardo Martínez**, Xefe do Servizo de Contratación.

**Secretaria:**

**María Isabel Quintáns Rios**, Auxiliar Administrativo do Departamento de Contratación

Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, a secretaria por indicación do presidente da mesa, procede a dar lectura da puntuación outorgada pola responsable do contrato Natalia López Pérez, no apartado relativo aos criterios que dependen dun xuízo de valor (documentación do sobre B) e que foi realizada con anterioridade a este acto de apertura, cuxo informe se incorpora como anexo á presente acta.

Dita valoración (puntuada cun máximo de 50 puntos) acadou o seguinte resultado:

Empresa	Puntuación
A Billarda S.L	49
Asturservicios La Productora S.A.L.	13,5
Move Servicios de Ocio y Deporte S.L.	11

O tipo de licitación máximo para estes traballos establece en:

Prezo/hora coordinador	17 €uros + IVE 10%
Prezo/hora monitor	14 €uros + IVE 10%
Prezo/hora monitor apoio	14 €uros + IVE 10%
Prezo/hora persoal limpeza e conserxería	9,50 €uros + IVE 10%

A continuación procedese a apertura dos "Sobres C", denominados "Proposición económica. Criterios avaliáveis de forma automática", que conteñen a proposta correspondente aos criterios avaliáveis mediante aplicación dunha fórmula, obténdose o seguinte resultado:

Empresa	Prezo/hora coordinador (mais IVE 10%)	Prezo/hora monitor (mais IVE 10%)	Prezo/hora monitor de apoio (mais IVE 10%)	Prezo/hora persoal limpeza e conserxería (mais IVE 10%)
A Billarda S.L	17,00 €	14,00 €	8,00 €	9,50 €
Asturservicios La Productora S.A.L.	15,67 €	12,77 €	12,77 €	9,50 €
Move Servicios de Ocio y Deporte S.L.	16,12 €	13,27 €	13,27 €	9,01 €

A continuación procédese ao calculo da puntuación correspondente á documentación do Sobre C, "Proposición económica. Criterios avaliáveis de forma automática"

Outorgarase a máxima puntuación (50 puntos) a oferta que presente a maior baixa con respecto ao orzamento máximo de licitación (2 anos), e o resto de forma proporcional, de acordo coa formula establecida na cláusula 20.5 do Prego de Clausulas Administrativas Particulares.

Dos cálculos efectuados, obténse o seguinte resultado:

	Puntuación Oferta Económica
A Billarda S.L	46,43
Asturservicios La Productora S.A.L.	50,00
Move Servicios de Ocio y Deporte S.L.	30,59

A continuación, a mesa de contratación de acordo co establecido no artigo 151 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, e do artigo 83 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público, procede a elaborar a proposta da clasificación dos licitadores por orde decrecente de puntuación, resultando o seguinte:

	Puntuación Referencias Técnicas	Puntuación Oferta Económica	Puntuación total
A Billarda S.L	49,00	46,43	95,43
Asturservicios La Productora S.A.L.	13,50	50,00	63,50
Move Servicios de Ocio y Deporte S.L.	11,00	30,59	41,59

A vista das puntuación obtidas, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Trasladar ao órgano de contratación a clasificación de licitadores por orden decrecente de puntuación, e propoñer a adxudicación para o desenvolvemento do *Servizo de Monitoraxe na Rede de Comedores Escolares do Concello de Ames* á empresa **A BILLARDA S.L.**, CIF B-27278845 nos seguintes prezos, de acordo coa oferta económica formulada pola empresa:

Empresa	Prezo/hora coordinador (mais IVE 10%)	Prezo/hora monitor (mais IVE 10%)	Prezo/hora monitor de apoio (mais IVE 10%)	Prezo/hora persoal limpeza e conserxería (mais IVE 10%)
A Billarda S.L	17,00 €	14,00 €	8,00 €	9,50 €

Así como no resto das condicións establecidas no prego e na oferta técnica formulada pola empresa licitadora.

E non habendo máis asuntos que tratar a señora presidenta deu por rematado o acto, sendo as once horas do que se expide a presente acta, que en proba de conformidade, asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria das mesa, certifico.



Handwritten signatures in blue ink, including a star symbol and several cursive signatures.



A BILLARDA SRL

**1.- A organización concreta do servizo adaptada á realidade de cada un dos 5 comedores da Rede Municipal de Comedores Escolares do Concello de Ames.**

**1.1.-Cronograma de cada comedor**

Os cronogramas presentados fan referencia específica as peculiaridades de cada centro propoñendo a organización concreta e correcta para cada un deles, o que indica un coñecemento total tanto das instalacións, como do funcionamento do propio servizo e das funcións do persoal. Este proxecto acadará a puntuación máxima en 3 dos 5 apartados a valorar, xa que neses casos contempla todas as posibilidades. No apartado “Organización para a recepción por parte ...” non acadan a máxima xa que non indican se os monitores que non chegan na primeira quenda reciben as instrucións do coordinador. No apartado “Organización para realización das funcións ...” non acadan a máxima puntuación xa que non relacionan o control da asistencia dos usuarios. **Valoración: 19 puntos.**

Organización para a recepción por parte dos monitores de instrucións do/a coordinador/a do centro (máximo 4 puntos)	3,5
Organización para a recollida dos nenos/as que asistan ao servizo (máximo 4 puntos)	4
Organización para realización das funcións dos monitores como: cubrir axendas, poñer/recoller mesas, control de asistencia tanto de usuarios fixos coma ocasionais (máximo 4 puntos)	3,5
Organización do tempo de lecer (máximo 4 puntos)	4
Organización para a entrega dos nenos/as a actividades, pais/nais, Tardes Divertidas, autobús, etc. (máximo 4 puntos)	4

**1.2.- Análise e prevención de riscos**

Expón un coñecemento claro dos riscos existentes no servizo, propoñendo protocolos, formación específica dos monitores e incide na importancia da coordinación e a comunicación entre todo o persoal que forma parte do servizo. **Valoración: 10 puntos**

Durante a recollida (máximo 2,5 puntos)	2,5
Durante o xantar (máximo 2,5 puntos)	2,5
Durante o tempo de lecer (máximo 2,5 puntos)	2,5
Durante a entrega (máximo 2,5 puntos)	2,5

**2.- Valoración programación pedagóxica do servizo e actividades ofertadas para a Rede Municipal de comedores escolares de Ames.**

Inclúe todos os obxectivos establecidos no artigo 3 do Regulamento de Funcionamento do Servizo.

Programación temática para o curso 2017/2018 con actividades para cada mes. A metodoloxía está exposta de forma clara con estratexias diferenciadas para infantil e primaria así como para NEAE, contemplando tanto os aspectos alimentarios como os educativos, e a maneira en que se levarán a cabo.

Definen as actividades antes, durante e despois do xantar (ex: lavado de mans, comportamento durante a comida, lavado de dentes, etc...)

Os recursos materiais a empregar veñen especificados nas actividades segundo se realicen no interior, nos recunchos adicados a cada actividade (recuncho dos xogos de mesa, recuncho da lecto-escritura, recuncho do audiovisual...), xogos deportivos e predeportivos, de expresión artística, xogo libre, etc.

Como actividades ou prestacións especiais disporán en cada centro educativo de ordenador, proxector, teléfono móbil, axenda que se cubrirá cada día coa información pertinente para os pais, e o blog no que poderán participar os nenos e nenas escollendo os textos e fotos a publicar.

1.Inclusión na proposta dos obxectivos establecidos no art. 3 do regulamento do servizo. ( Máximo 6 puntos)	6
2.Planificación de actividades concretas para o logro dos obxectivos previstos, adecuadas aos tempos e espazos dispoñibles, coa dotación do material didáctico necesario (que, como, cando e onde). (Máximo10 puntos)	10
3.Outros recursos materiais (ordenador, proxector...) (Máximo 4 puntos)	4
TOTAL	20

**A BILLARDA SRL - Valoración total referencias técnicas: 49 puntos.**

ASTURSERVICIOS LA PRODUCTORA S.A.L.

**1.- A organización concreta do servizo adaptada á realidade de cada un dos 5 comedores da Rede Municipal de Comedores Escolares do Concello de Ames.**

**1.1.-Cronograma de cada comedor**

No proxecto presentado por esta empresa detallan polo miúdo a organización do persoal e as funcións a desenvolver polo mesmo incidindo nos obxectivos do proxecto educativo relacionados no Regulamento do servizo, non indicando a organización concreta do servizo adaptada á realidade de cada un dos 5 comedores. Polo que se asignan 2 puntos por indicar que os monitores deben recibir instrucións do coordinador e outros 2 por prever que os monitores deben estar 5 minutos antes do horario de recollida dos nenos por seguridade. **Valoración: 4 puntos.**

Organización para a recepción por parte dos monitores de instrucións do/a coordinador/a do centro (máximo 4 puntos)	2
Organización para a recollida dos nenos/as que asistan ao servizo (máximo 4 puntos)	2
Organización para realización das funcións dos monitores como: cubrir axendas, poñer/recoller mesas, control de asistencia tanto de usuarios fixos coma ocasionais (máximo 4 puntos)	0
Organización do tempo de lecer (máximo 4 puntos)	0
Organización para a entrega dos nenos/as a actividades, pais/nais,	0

Tardes Divertidas, autobús, etc. (máximo 4 puntos)	
--	--

### 1.2.- Análise e prevención de riscos

Esta empresa fai un análise de riscos moi escaso, propoñen unhas medias preventivas baseadas na comunicación entre o coordinador e monitores, e no coñecemento destes últimos de protocolos que non definen. **Valoración: 5,5 puntos.**

Durante a recollida (máximo 2,5 puntos)	2
Durante o xantar (máximo 2,5 puntos)	1
Durante o tempo de lecer (máximo 2,5 puntos)	1
Durante a entrega (máximo 2,5 puntos)	1,5

### 2.- Valoración programación pedagóxica do servizo e actividades ofertadas para a Rede Municipal de comedores escolares de Ames.

Despois dunha introdución na que propón o xogo como fonte de aprendizaxe e como a actividade fundamental para o desenvolvemento tanto físico como psicolóxico dos nenos e nenas, menciona seis obxectivos. Non fai mención a todos aqueles que contemplamos como imprescindibles no Regulamento da Rede Municipal de Comedores do Concello de Ames.

As actividades serían: para fomento de hábitos saudables e de animación á lectura.

As primeiras subdivídeas por trimestres e ciclos, e as segundas por trimestres.

Non hai concreción temporal, non coñece os espazos, en resumen moita teoría sobre os nutrientes, grupos de alimentos e incluso para o terceiro ciclo no último trimestre experimentos de laboratorio.

Atribúe competencias ao centro escolar. As actividades realízanse durante o tempo adicado ao comedor que depende totalmente do Concello e posúe un Regulamento específico.

1.Inclusión na proposta dos obxectivos establecidos no art. 3 do regulamento do servizo. ( Máximo 6 puntos)	2
2.Planificación de actividades concretas para o logro dos obxectivos previstos, adecuadas aos tempos e espazos dispoñibles, coa dotación do material didáctico necesario (que, como, cando e onde). (Máximo10 puntos)	2
3.Outros recursos materiais (ordenador, proxector...) (Máximo 4 puntos)	0
<b>TOTAL</b>	<b>4</b>

**ASTURSERVICIOS LA PRODUCTORA S.A.L. - Valoración total referencias técnicas: 13,5 puntos.**

### MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE S.L.

**1.- A organización concreta do servizo adaptada á realidade de cada un dos 5 comedores da Rede Municipal de Comedores Escolares do Concello de Ames.**

### 1.1.-Cronograma de cada comedor

Nos cronogramas non contempla o recollido das mesas e a limpeza entre a 1ª quenda e a 2ª polo que o horario da 2ª quenda non pode coincidir coa saída da 1ª Tamén se aprecia un descoñecemento das instalacións, xa que en todos os comedores estima un tempo de 20 minutos para que os monitores fagan o traxecto do comedor ata as aulas, así como das peculiaridades de cada comedor, xa que as propostas son para todos practicamente iguais. Polo que se asignan 2 puntos por indicar que os monitores deben recibir instrucións do coordinador e outro 2 por prever que os monitores deben estar 5 minutos antes do horario de recollida dos nenos por seguridade.

**Valoración: 4 puntos.**

Organización para a recepción por parte dos monitores de instrucións do/a coordinador/a do centro (máximo 4 puntos)	2
Organización para a recollida dos nenos/as que asistan ao servizo (máximo 4 puntos)	2
Organización para realización das funcións dos monitores como: cubrir axendas, poñer/recoller mesas, control de asistencia tanto de usuarios fixos coma ocasionais (máximo 4 puntos)	0
Organización do tempo de lecer (máximo 4 puntos)	0
Organización para a entrega dos nenos/as a actividades, pais/nais, Tardes Divertidas, autobús, etc. (máximo 4 puntos)	0

### 1.2.- Análise e prevención de riscos

Esta empresa expón risco durante a recollida dos nenos para o que propón que os monitores cheguen con antelación e nalgúns comedores repasar as listaxes e para a entrega dos nenos o control do coordinador e a comprobación das autorizacións. **Valoración: 3 puntos.**

Durante a recollida (máximo 2,5 puntos)	1,5
Durante o xantar (máximo 2,5 puntos)	0
Durante o tempo de lecer (máximo 2,5 puntos)	0
Durante a entrega (máximo 2,5 puntos)	1,5

### 2.- Valoración programación pedagóxica do servizo e actividades ofertadas para a Rede Municipal de comedores escolares de Ames.

Comeza a programación comprometéndose a cumprir os obxectivos do art. 3 do Regulamento da Rede Municipal de comedores de Ames pero non os enumera e fai unha mestura engadindo algún máis.

Presenta para o curso 2017/2018 bloques temáticos nun cadro para dous trimestres, e noutro para tres trimestres, distintos para infantil e primaria.

Non hai concreción de tempos, espazos, materiais.....

Non coñecen os centros, nin os espazos en que se desenvolverían as actividades.

Metodoloxía dinámica, pero no terceiro parágrafo pon textualmente “o noso equipo está formado en boas prácticas para mellorar a inclusión de todos e todas os/as participantes no transcurso do campamento”.



**Non estamos a falar dun campamento, é unha actividade diaria durante o curso escolar.**

1.Inclusión na proposta dos obxectivos establecidos no art. 3 do regulamento do servizo. ( Máximo 6 puntos)	2
2.Planificación de actividades concretas para o logro dos obxectivos previstos, adecuadas aos tempos e espazos dispoñibles, coa dotación do material didáctico necesario (que, como, cando e onde). (Máximo10 puntos)	2
3.Outros recursos materiais (ordenador, proxector...) (Máximo 4 puntos)	0
<b>TOTAL</b>	<b>4</b>

**MOVE SERVICIOS DE OCIO Y DEPORTE S.L. - Valoración total referencias técnicas: 11 puntos.**

En Ames a 18 de xullo de 2017



